

**CPR PLURILINGÜE NTRA. SRA. DE  
LA ASUNCIÓN**

Ed. Infantil - Primaria -  
ESO

Rúa da Asunción, 34 - 27600  
Sarria (Lugo)

Tfno e fax: 982-531981- Móbil:  
626628665

E-mail: [cpr.nosasenora.asuncion@edu.xunta.es](mailto:cpr.nosasenora.asuncion@edu.xunta.es)



## **ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR DE NATACIÓN CURSO 24-25**

### **(3º TRIMESTRE - PISCINA CLIMATIZADA SARRIA)**

- Dita actividade ofértase coma natación escolar, onde os principais obxectivos son a socialización do alumnado, o exercicio físico e o dominio acuático, e será organizada pola empresa encargada do mantemento da Piscina Climatizada de Sarria, cunha duración trimestral (comezo o venres, 4 de abril e remate o 20 de xuño), e unha cuota de 18,95 € por trimestre. Se alguén precisa ou demanda curso de natación por niveis terá que inscribirse na propia piscina climatizada, de xeito persoal e non a través da actividade do colexio.
- O horario para o alumnado do colexio será o seguinte:
  - **GRUPO1:** Ed. Infantil e 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria: Venres de 19:30 h. a 20:15 h.
  - **GRUPO2:** 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria: Venres de 16:30 h. a 17:15 h.
- As prazas dispoñibles para o GRUPO 1 son 14 e para o GRUPO 2 son 7.
- Os interesados deben cubrir o formulario de inscrición dispoñible na páxina web do colexio.
- O prazo de inscrición estará aberto dende hoxe mércores, 12 de marzo ata o vindeiro martes, 18 de marzo.
- Non se admitirá ningunha inscrición recibida fóra de prazo, de non ser que quedaran prazas vacantes.
- No caso de superar o número de prazas ofertadas, o acceso a dita actividade realizarase mediante sorteo público.  
Dito sorteo levarase a cabo o vindeiro martes, 18 de marzo ás 17:00 horas na secretaría do colexio.
- O listado de admitidos e reservas será exposto o vindeiro martes, 18 de marzo na web do colexio, unha vez realizado o sorteo.
- O pago da actividade levarase a cabo durante os días 18, 19, 20 e 21 de marzo, na secretaría do colexio, no horario desta.
- Os alumnos admitidos na actividade teñen que utilizar un chaveiro de acceso ás instalacións, sin el non poderán acceder ao curso nin ao centro. Este chaveiro ten un custo de 2,50€ que se entrega á mesma vez que o pago da actividade. Ao rematar o trimestre, o chaveiro entrégase na secretaría do colexio e devólvense ás familias os 2,50€.